

Bases do Concurso de Fotografía 8-M - Día Internacional da Muller IES Nº 1

1. Obxectivo:

O Equipo de Igualdade do IES Nº 1 convoca un concurso de fotografía **8-M** con motivo da celebración do *Día Internacional da Muller*, para promover a reflexión e a perspectiva dos mozos e das mozas desde a súa vertente artística.

A través da arte fotográfica, pretendemos sensibilizar o alumnado sobre as causas que fan necesaria a conmemoración do *Día Internacional da Muller*, data na que se conmemora a loita das mulleres pola súa participación, xunto cos homes, no ámbito laboral e, polo tanto, polo dereito á súa independencia económica.

Este dereito á igualdade entre mulleres e homes foi recoñecido legalmente hai tempo nas nosas leis, pero non é efectivo en todas as esferas das nosas vidas nin é igual para todas as mulleres. Por iso, aínda hoxe, debemos velar pola plena participación das mulleres en todos os ámbitos da vida.

2. Participantes:

Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES Nº 1 durante o curso 2024/2025. Establécense 4 categorías:

- **Categoría A:** Alumnado de 1º e 2º de ESO.
- **Categoría B:** Alumnado de 3º e 4º de ESO e Bacharelato.
- **Categoría C:** Alumnado da ESA e Bacharelato de persoas adultas.
- **Categoría D:** Profesorado e persoal non docente.

3. Temática:

As fotografías deberán estar relacionadas coa igualdade de xénero, o papel da muller na sociedade actual, a loita contra os estereotipos, a diversidade ou calquera outro aspecto vinculado ao 8M.

Para iso, cada fotografía debe **incluir un breve texto** (máximo 50 palabras) que xustifique a intención do/a autor/a ao captar esa imaxe.

4. Características das fotografías:

- Cada persoa participante poderá presentar un máximo de 2 fotografías.
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas, non premiadas noutros concursos.
- Pódense realizar con calquera dispositivo (móbil, cámara etc.).

- A imaxe non deberá incluír marcas de auga, logos ou elementos que identifiquen o autor/a.
- Admitirase un tratamento básico da imaxe (brillo, contraste etc.), pero **non se permitirán montaxes** ou manipulacións que alteren a realidade da fotografía, nin imaxes creadas con ferramentas de intelixencia artificial xenerativa.

5. Formato e presentación:

- As fotografías deberán enviarse en formato dixital (JPEG ou PNG) cunha resolución mínima de 2000 píxeles no lado maior.
- O nome do arquivo deberá seguir o seguinte formato:
 Categoria_NomeApelido_Titulo.jpg (exemplo:
 CategoriaA_MariaLopez_Igualdade.jpg).
- As fotografías deberán enviarse ao enderezo de correo electrónico: **igualdade@n1ribeira.net**, indicando no asunto: "Concurso Fotografía 8M".
- No corpo do correo deberá incluírse:
 - Nome e apelidos da persoa participante.
 - Curso e grupo ao que pertence.
 - Título da fotografía.
 - Breve descrición ou reflexión sobre a imaxe (máximo 50 palabras).

6. Prazo de presentación:

O prazo para a entrega das fotografías será desde o **18 de febreiro de 2025** ata o **7 de marzo de 2025**, inclusive.

7. Xurado e criterios de valoración:

O xurado estará composto por membros do equipo docente e representantes do alumnado e das familias do IES N° 1. Valoraranse os seguintes aspectos:

- Adecuación ao tema.
- Calidade técnica e artística.
- Orixinalidade e creatividade.
- Impacto emocional e capacidade de reflexión.

8. Premios:

Estableceranse os seguintes premios para cada categoría:

- **Primeiro premio:** Un vale de 30 euros para material escolar ou libros e un diploma.
- **Segundo premio:** Un vale de 10 euros para material escolar ou libros e un diploma.
- **Mencións especiais:** Diplomas para as fotografías que destaquen pola súa creatividade ou mensaxe.

9. Exposición e difusión:

As fotografías seleccionadas serán expostas no centro educativo o que queda de curso e publicadas na páxina web e redes sociais do centro, coa autorización previa dos/as autores/as.

10. Aceptación das bases:

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra destas bases. O incumprimento dalgunha das normas poderá supoñer a descualificación da obra.

11. Protección de datos:

Os datos persoais dos/as participantes serán tratados consonte a normativa de protección de datos (RGPD), co único obxectivo de xestionar o concurso e a entrega de premios.

12. Contacto:

Para calquera dúbida ou aclaración, as persoas participantes poderán dirixirse ás persoas que organizan o concurso a través do enderezo de correo electrónico: **igualdade@n1ribeira.net**

Participa e contribúe á loita pola igualdade!